

1/502 CADUCIDADE DAS OFERTAS DE EMPREGO PÚBLICO DO CONCELLO DE LUGO NON EXECUTADAS DENTRO DO PRAZO DE TRES ANOS DENDE A SÚA PUBLICACIÓN.- Examinado o expediente tramitado para os efectos e visto o informe proposta do xefe da Asesoría Xurídica, do 15 de decembro de 2025, conformado pola tenenta de alcalde delegada da área respectiva, na parte expositiva do cal se fai constar:

“I. Informe da Asesoría Xurídica do Concello de Lugo do día 15.12.2025 do seguinte teor literal:

“O día 1 de decembro de 2025 por parte do Excmo. Sr. Alcalde do Concello solicítase informe xurídico que conteña pronunciamento sobre a cuestión de referencia.

PRIMEIRO. Sobre o carácter do presente informe.

A Asesoría Xurídica do Concello de Lugo é competente para a emisión do presente informe, como así resulta do disposto no artigo 51.2 do ROMGA, que establece que “o Alcalde, os membros da Xunta de Goberno, os órganos directivos municipais e dos organismos públicos, poderán consultar á Asesoría Xurídica sobre calquera cuestión xurídica relacionada cos asuntos da súa competencia, precisando os puntos que deben ser obxecto de asesoramento”. De conformidade con tal precepto, e dado que a solicitude de informe é realizada polo Excmo. Sr. Alcalde do Concello, emítese o presente informe que ten carácter facultativo e non vinculante.

SEGUNDO. Sobre o prazo de execución das ofertas de emprego público.

O artigo 70 do Real decreto lexislativo 5/2015 de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público (TRLEBEP), regula a oferta de emprego público nos seguintes termos:

“1. Las necesidades de recursos humanos, con asignación presupuestaria, que deban proveerse mediante la incorporación de personal de nuevo ingreso serán objeto de la Oferta de empleo público, o a través de otro instrumento similar de gestión de la provisión de las necesidades de personal, lo que comportará la obligación de convocar los correspondientes procesos selectivos para las plazas comprometidas y hasta un diez por cien adicional, fijando el plazo máximo para la convocatoria de los mismos. En todo caso, la ejecución de la oferta de empleo público o instrumento similar deberá desarrollarse dentro del plazo improrrogable de tres años.

2. La Oferta de empleo público o instrumento similar, que se aprobará anualmente por los órganos de Gobierno de las Administraciones Públicas, deberá ser publicada en el Diario oficial correspondiente.

ACTAS E GOBERNO

JDR/cvr

Refª: ispac4562477699128901375.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 17-12-2025

3. La Oferta de empleo público o instrumento similar podrá contener medidas derivadas de la planificación de recursos humanos".

Pola súa parte, a Lei 2/2015 de 29 de abril do emprego público de Galicia (LEPG) regula a oferta de emprego público no artigo 48, e concretamente dispón no seu apartado 4:

"(...) 4. Una vez aprobada y publicada la oferta de empleo público, los respectivos procesos selectivos se convocarán en el plazo máximo fijado en la misma. En todo caso, la ejecución de la oferta de empleo público debe desarrollarse dentro del plazo improrrogable de tres años, a contar a partir del día siguiente al de la publicación de aquella en el correspondiente diario oficial."

A cuestión relativa a si o prazo de tres anos sinalado no inciso final do artigo 70.1 TRLEBEP debe entenderse cumprido cando dentro dos tres anos dende a aprobación da oferta de emprego público (en diante OEP) se desenvolva íntegramente todo o proceso selectivo que comporta a OEP ou, polo contrario, tal obriga se debe entender cumprida coa publicación da convocatoria do proceso selectivo ou outro acto que supoña o desenvolvemento parcial da mesma, ven sendo obxecto de debate no ámbito da doutrina administrativa, existindo ao respecto diversos pronunciamentos xudiciais acerca da cuestión.

Así, as sentenzas 1747/2018 e 1718/2019 da Sala do contencioso – administrativo do Tribunal Supremo xa declararon o carácter esencial do prazo establecido no artigo 70.1 TRLEBEP.

Tamén na sentenza 133/2023, e como *obiter dicta*, a mesma Sala do Alto Tribunal entende que o citado artigo esixe o completo desenvolvemento do proceso selectivo dentro dos tres anos que prevé, cuestión que xa adiantara a sentenza 465/2016 da Sala do contencioso – administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Madrid.

E tamén a sentenza 1544/2024 da Sala do contencioso – administrativo do Tribunal Supremo declarou conforme a Dereito que unha Administración prevea o completo desenvolvemento do proceso selectivo derivado dunha OEP en dous anos, pois sempre sería dentro do prazo de tres anos establecido no 70.1 TRLEBEP.

Xa por último, recentísimamente, foi ditada a sentenza número 930/2025 de 9 de xullo, da Sala do contencioso – administrativo do Tribunal Supremo que estima un recurso de casación e que entendemos, ven a poñer fin a este debate. A cuestión que reviste interese casacional obxectivo para a formación de xurisprudencia establecida no Auto de admisión do 15 de xaneiro de 2025 é a seguinte:

“2º) Declarar que reviste interés casacional objetivo para la formación de jurisprudencia si el plazo de tres años previsto en el artículo 70 del Estatuto Básico del Empleado Público, cuyo texto refundido fue aprobado por el Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de octubre, debe entenderse cumplido cuando se desarrolle íntegramente el proceso selectivo dentro del mismo o, por el contrario, si es suficiente para reputarlo observado con que la Administración publique la convocatoria del proceso selectivo”.

Como decíamos a sentença estima un recurso de casación e establece no seu fundamento de dereito quinto a resolución da cuestión de interese casacional, nos seguintes términos:

“(…)15. De todo lo expuesto y para resolver la cuestión de interés casacional, cabe deducir lo que sigue:

1º Que la OEP se configura como un instrumento de planificación del empleo público de forma que los conceptos de “desarrollo” y “ejecución” comprenden, desde luego, la convocatoria de procesos selectivos de las plazas previstas en la OEP, una convocatoria que se inserta así en la lógica de la ejecución y desarrollo de una OEP.

2º Si el artículo 70.1 del EBEP, inciso final, ordena que la ejecución de la OEP deba desarrollarse en el plazo de tres años, hay que deducir que tal plazo comprende no sólo la convocatoria sino, además, el completo desarrollo del proceso selectivo. Se trata de un plazo, en sí, razonable, y traslada a las Administraciones un mandato de celeridad y eficacia: no es razonable tener procesos selectivos abiertos durante más de tres años.

3º La idea anterior se confirma si se ciñese la idea de ejecución de una OEP sólo al acto de convocatoria y hecha esta convocatoria, el proceso selectivo se desarrollase sin previsión de un plazo para concluirlo o, por fijar un plazo, que se desarrollase en los tres años: esto implicaría o procesos selectivos de duración indeterminada o permitir -de agotarse todos plazos- a que la ejecución de una OEP culminase al cabo de seis años.

4º La idea de celeridad entendida como eficacia en la satisfacción de necesidades de contar con medios humanos, se deduce de la exposición de motivos de la Ley 20/2021 ya citada. Ciertamente su objeto es la reducción de la temporalidad, pero prevé que «para evitar dilaciones en estos nuevos procesos, se exigirá que las ofertas de empleo relativas a estos procesos de estabilización se aprueben y publiquen en los respectivos diarios oficiales antes del 1 de junio de 2022, y las respectivas convocatorias antes del 31 de diciembre de 2022, debiendo finalizar los procesos antes del 31 de diciembre de 2024».

ACTAS E GOBERNO

JDR/cvr

Refª: ispac4562477699128901375.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 17-12-2025

5º Esta idea de celeridad viene justificada tras los años de “reposición cero” por razón de la crisis económica, a la que se añadió la paralización de los procesos selectivos a raíz de la pandemia, más la urgencia para ejecutar los mandatos de la jurisprudencia del Tribunal de Justicia de la Unión Europea para atajar la temporalidad en el empleo público.

6º Ahora ya no es tanto cuestión de celeridad como de eficacia aplicada a los sistemas de provisión de puestos en las Administraciones, eficacia que es principio constitucionalizado para regular la actuación de las Administraciones (artículo 103.1 de la Constitución) y que tiene su cabal concreción en los principios que relaciona el artículo 3.1 de la Ley 40/2015, de 1 de octubre, de régimen Jurídico del Sector Público [cfr. apartados a), d), e) y h)].

16. Pues bien, los obiter dicta de las sentencias antes expuestas más la evolución de la normativa también expuesta, permiten avanzar en la interpretación del artículo 70.1 del EBEP y, dentro del recto entendiendo del instituto de la OEP como instrumento para la dotación de medios humanos a las Administraciones públicas, concluir que el desarrollo de la ejecución de un OEP implica, primero, que partiendo de la declaración de puestos vacantes preexistentes o de nueva creación, se programe su provisión; seguidamente, que esa provisión se haga efectiva mediante convocatorias públicas, de ahí que para su efectiva provisión el artículo 70.1 del EBEP prevea un plazo razonable, lo que no quita para que, justificada y excepcionalmente, sea admisible un retraso en ese proceso.

17. En consecuencia y, a efectos del artículo 93.1 de la LJCA, declaramos - como regla general- que el plazo de tres años del artículo 70.1 del EBEP, se cumple cuando el proceso selectivo convocado para ejecutar la OEP se desarrolle íntegramente dentro de ese plazo.”

(O suñado é noso)

A conclusión do establecido nesta última resolución do Tribunal Supremo non ofrece lugar a dúbidas, e procede agora, en consecuencia, aplicar a xurisprudencia establecida ao caso concreto das ofertas de emprego público aprobadas no Concello de Lugo, examinando a situación da súa execución a efectos de poder emitir unha resolución que aporte seguridade xurídica as actuacións administrativas que se pretendan realizar.

Terceiro. Situación dos procesos selectivos derivados das ofertas de emprego público do Concello de Lugo anteriores ao ano 2023.

Con obxecto de posibilitar a realización deste análise, foi analizada a documentación obrante no Servizo de Persoal en relación coa situación dos procesos selectivos pendentes derivados das OEP aprobadas no Concello de Lugo, co resultado seguinte.

1. Oferta de emprego público do ano 2017:

- 1 praza de oficial electricista.

Decreto nº 1541/2021 do 2.03.2021 ditado pola Tenenta de Alcaldesa delegada da Área de Gobernanza pola que se convoca o proceso selectivo.

Publicación no BOP de Lugo do día 7.04.2021 no DOGA do día 27.05.2021 e no BOE do día 21.05.2022.

Rematado o prazo de solicitudes. Non foi iniciado o proceso selectivo, razón pola cal procece declarar a caducidade da OEP e deixar sen efecto o proceso selectivo.

2. Oferta de emprego público do ano 2018.

- 1 praza de técnico superior electricista (promoción interna).

Decreto nº 8547/2021 do 19.10.2021 ditado pola Tenenta de Alcaldesa delegada da Área de Gobernanza pola que se convoca o proceso selectivo.

Publicación no BOP de Lugo do día 26.10.2021 no DOGA do día 17.12.2021 e no BOE do día 6.01.2022.

Rematado o prazo de solicitudes e pendente de resolución un recurso de reposición interposto fronte á anterior resolución. Non foi iniciado o proceso selectivo, razón pola cal procece declarar a caducidade da OEP e deixar sen efecto o proceso selectivo.

- 1 praza de enxeñeiro industrial.

Decreto nº 2288/2021 do 23.03.2021 ditado pola Tenenta de Alcaldesa delegada da Área de Gobernanza pola que se convoca o proceso selectivo.

Publicación no BOP de Lugo do día 20.04.2021 e 19.12.2022 no DOGA do día 14.02.2023 e no BOE do día 23.03.2023.

Rematado o prazo de solicitudes. Publicada a lista provisional de admitidos no BOP de Lugo do día 26.06.2025.

Non foi iniciado o proceso selectivo, razón pola cal procece declarar a caducidade da OEP e deixar sen efecto o proceso selectivo.

- 1 praza de enxeñeiro técnico industrial.

ACTAS E GOBERNO

JDR/cvr

Refª: ispac4562477699128901375.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 17-12-2025

Decreto nº 1539/2021 do 2.03.2021 ditado pola Tenenta de Alcaldesa delegada da Área de Gobernanza pola que se convoca o proceso selectivo.

Publicación no BOP de Lugo do día 7.04.2021 e 19.12.2022 no DOGA do día 27.05.2021 e no BOE do día 11.03.2023.

Rematado o prazo de solicitudes. Publicada a lista provisional de admitidos no BOP de Lugo do día 26.06.2025.

Non foi iniciado o proceso selectivo, razón pola cal procece declarar a caducidade da OEP e deixar sen efecto o proceso selectivo.

- 1 oficial condutor maquinista.

Decreto nº 288/2022 do 13.01.2022 ditado pola Tenenta de Alcaldesa delegada da Área de Gobernanza pola que se convoca o proceso selectivo.

Publicación no BOP de Lugo do día 28.01.2022, no DOGA do día 18.05.2022 e no BOE do día 27.05.2022.

Rematado o prazo de solicitudes. Publicada a lista provisional de admitidos no BOP de Lugo do día 6.06.2025.

Non foi iniciado o proceso selectivo, razón pola cal procece declarar a caducidade da OEP e deixar sen efecto o proceso selectivo.

- 1 operario brigada de obras.

Decreto nº 306/2022 do 13.01.2022 ditado pola Tenenta de Alcaldesa delegada da Área de Gobernanza pola que se convoca o proceso selectivo.

Publicación no BOP de Lugo do día 28.01.2022, no DOGA do día 18.05.2022 e no BOE do día 27.05.2022.

Rematado o prazo de solicitudes. Publicada a lista provisional de admitidos no BOP de Lugo do día 26.06.2025.

Non foi iniciado o proceso selectivo, razón pola cal procece declarar a caducidade da OEP e deixar sen efecto o proceso selectivo.

- 2 oficial condutor

Decreto nº 11376/2021 do 22.12.2021 ditado pola Tenenta de Alcaldesa delegada da Área de Gobernanza pola que se convoca o proceso selectivo.

Publicación no BOP de Lugo do día 19.01.2022, no DOGA do día 18.05.2022 e no BOE do día 27.05.2022.

Rematado o prazo de solicitudes. Publicada a lista provisional de admitidos no BOP de Lugo do día 26.06.2025.

Non foi iniciado o proceso selectivo, razón pola cal procece declarar a caducidade da OEP e deixar sen efecto o proceso selectivo.

- 2 Oficial brigada obras

Decreto nº 402/2022 do 17.01.2022 ditado pola Tenenta de Alcaldesa delegada da Área de Gobernanza pola que se convoca o proceso selectivo.

Publicación no BOP de Lugo do día 28.01.2022, no DOGA do día 18.05.2022 e no BOE do día 27.05.2022.

Rematado o prazo de solicitudes. Publicada a lista provisional de admitidos no BOP de Lugo do día 26.06.2025.

Non foi iniciado o proceso selectivo, razón pola cal procece declarar a caducidade da OEP e deixar sen efecto o proceso selectivo.

3. Oferta de emprego público do ano 2020

- 2 técnicos administración xeral (A1)

Decreto nº 5070/2023 do 30.05.2023 ditado pola Tenenta de Alcaldesa delegada da Área de Gobernanza pola que se convoca o proceso selectivo.

Publicación no BOP de Lugo do día 13.06.2023 e 31.05.2024, no DOGA do día 11.07.2024 e no BOE do día 28.12.2024.

Rematado o prazo de solicitudes.

Non foi iniciado o proceso selectivo, razón pola cal procece declarar a caducidade da OEP e deixar sen efecto o proceso selectivo.

- 1 oficial sepultureiro (P.I)

Decreto nº 6319/2023 do 13.07.2023 ditado polo Tenente de Alcaldesa delegado da Área de Economía e Recursos Humanos polo que se convoca o proceso selectivo.

Publicación no BOP de Lugo do día 20.07.2023, no DOGA do día 14.09.2023 e no BOE do día 14.10.2023.

ACTAS E GOBERNO

JDR/cvr

Refª: ispac4562477699128901375.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 17-12-2025

Rematado o prazo de solicitudes. Publicada a lista provisional de admitidos no BOP de Lugo do día 16.05.2025.

Non foi iniciado o proceso selectivo, razón pola cal procece declarar a caducidade da OEP e deixar sen efecto o proceso selectivo.

- 1 encargado monitor educación viaria (P.I)

Decreto ditado polo Tenente de Alcaldesa delegado da Área de Economía e Recursos Humanos polo que se convoca o proceso selectivo.

Publicación no BOP de Lugo do día 5.08.2023, no DOGA do día 14.09.2023 e no BOE do día 14.10.2023.

Rematado o prazo de solicitudes. Publicada a lista provisional de admitidos no BOP de Lugo do día 16.05.2025.

Non foi iniciado o proceso selectivo, razón pola cal procece declarar a caducidade da OEP e deixar sen efecto o proceso selectivo.

- 1 oficial albanel (P.I)

Decreto ditado polo Tenente de Alcaldesa delegado da Área de Economía e Recursos Humanos polo que se convoca o proceso selectivo.

Publicación no BOP de Lugo do día 5.08.2023, no DOGA do día 14.09.2023 e no BOE do día 14.10.2023.

Rematado o prazo de solicitudes. Publicada a lista provisional de admitidos no BOP de Lugo do día 26.06.2025.

Non foi iniciado o proceso selectivo, razón pola cal procece declarar a caducidade da OEP e deixar sen efecto o proceso selectivo.

- 1 oficial fontaneiro (P.I)

Decreto 6640/2023 ditado polo Tenente de Alcaldesa delegado da Área de Economía e Recursos Humanos polo que se convoca o proceso selectivo.

Publicación no BOP de Lugo do día 5.08.2023, no DOGA do día 14.09.2023 e no BOE do día 14.10.2023.

Rematado o prazo de solicitudes.

Non foi iniciado o proceso selectivo, razón pola cal procece declarar a caducidade da OEP e deixar sen efecto o proceso selectivo.

- 1 ordenanza (reservado discapacidade intelectual).

Decreto ditado polo Tenente de Alcaldesa delegado da Área de Economía e Recursos Humanos polo que se convoca o proceso selectivo.

Publicación no BOP de Lugo do día 2.08.2023, no DOGA do día 14.09.2023 e no BOE do día 12.10.2023.

Rematado o prazo de solicitudes. Publicada a lista provisional de admitidos no BOP de Lugo do día 26.06.2025.

Non foi iniciado o proceso selectivo, razón pola cal procece declarar a caducidade da OEP e deixar sen efecto o proceso selectivo.

- 1 operario cemiterio (reservado discapacidade)

Decreto número 6641/2023 ditado polo Tenente de Alcaldesa delegado da Área de Economía e Recursos Humanos polo que se convoca o proceso selectivo.

Publicación no BOP de Lugo do día 5.08.2023, no DOGA do día 11.03.2024 e no BOE do día 5.04.2024.

Rematado o prazo de solicitudes. Publicada a lista provisional de admitidos no BOP de Lugo do día 16.05.2025.

Non foi iniciado o proceso selectivo, razón pola cal procece declarar a caducidade da OEP e deixar sen efecto o proceso selectivo.

- 2 traballadores/as sociais

Decreto número 6637/2023 ditado polo Tenente de Alcaldesa delegado da Área de Economía e Recursos Humanos polo que se convoca o proceso selectivo.

Publicación no BOP de Lugo do día 5.08.2023, no DOGA do día 14.09.2023 e no BOE do día 14.10.2023.

Rematado o prazo de solicitudes. Publicada a lista provisional de admitidos no BOP de Lugo do día 27.05.2025.

Non foi iniciado o proceso selectivo, razón pola cal procece declarar a caducidade da OEP e deixar sen efecto o proceso selectivo.

ACTAS E GOBERNO

JDR/cvr

Refª: ispac4562477699128901375.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 17-12-2025

4. Oferta de emprego público do ano 2021

- 1 oficial cociñeiro (P.I)

Decreto ditado polo Tenente de Alcaldesa delegado da Área de Economía e Recursos Humanos polo que se convoca o proceso selectivo.

Publicación no BOP de Lugo do día 26.04.2024, no DOGA do día 21.06.2024 e no BOE do día 27.12.2024.

Rematado o prazo de solicitudes. Publicada a lista provisional de admitidos no BOP de Lugo do día 27.05.2025.

Non foi iniciado o proceso selectivo, razón pola cal procece declarar a caducidade da OEP e deixar sen efecto o proceso selectivo.

- 1 oficial sepultureiro (P.I)

Decreto nº 6319/2023 do 13.07.2023 ditado polo Tenente de Alcaldesa delegado da Área de Economía e Recursos Humanos polo que se convoca o proceso selectivo.

Publicación no BOP de Lugo do día 20.07.2023, no DOGA do día 14.09.2023 e no BOE do día 14.10.2023.

Rematado o prazo de solicitudes. Publicada a lista provisional de admitidos no BOP de Lugo do día 16.05.2025.

Non foi iniciado o proceso selectivo, razón pola cal procece declarar a caducidade da OEP e deixar sen efecto o proceso selectivo.

- 2 auxiliar administrativo (P.I)

Decreto ditado polo Tenente de Alcaldesa delegado da Área de Economía e Recursos Humanos polo que se convoca o proceso selectivo.

Publicación no BOP de Lugo do día 13.04.2024, no DOGA do día 23.05.2024 e no BOE do día 18.06.2024.

Rematado o prazo de solicitudes. Publicada a lista provisional de admitidos no BOP de Lugo do día 26.07.2025.

Non foi iniciado o proceso selectivo, razón pola cal procece declarar a caducidade da OEP e deixar sen efecto o proceso selectivo.

- 1 oficial lector contador

Decreto ditado polo Tenente de Alcaldesa delegado da Área de Economía e Recursos Humanos polo que se convoca o proceso selectivo.

Publicación no BOP de Lugo do día 26.04.2024, no DOGA do día 21.06.2024 e no BOE do día 27.12.2024.

Rematado o prazo de solicitudes. Publicada a lista provisional de admitidos no BOP de Lugo do día 27.05.2025.

Non foi iniciado o proceso selectivo, razón pola cal procece declarar a caducidade da OEP e deixar sen efecto o proceso selectivo.

- 1 oficial pintor.

Decreto ditado polo Tenente de Alcaldesa delegado da Área de Economía e Recursos Humanos polo que se convoca o proceso selectivo.

Publicación no BOP de Lugo do día 13.04.2024, no DOGA do día 23.05.2024 e no BOE do día 25.10.2024.

Rematado o prazo de solicitudes. Publicada a lista provisional de admitidos no BOP de Lugo do día 26.07.2025.

Non foi iniciado o proceso selectivo, razón pola cal procece declarar a caducidade da OEP e deixar sen efecto o proceso selectivo.

- 1 operario vías e obras.

Decreto ditado polo Tenente de Alcaldesa delegado da Área de Economía e Recursos Humanos polo que se convoca o proceso selectivo.

Publicación no BOP de Lugo do día 13.04.2024, no DOGA do día 23.05.2024 e no BOE do día 25.10.2024.

Rematado o prazo de solicitudes. Publicada a lista provisional de admitidos no BOP de Lugo do día 26.07.2025.

Non foi iniciado o proceso selectivo, razón pola cal procece declarar a caducidade da OEP e deixar sen efecto o proceso selectivo.

- 1 técnico educación infantil

Decreto ditado polo Tenente de Alcaldesa delegado da Área de Economía e Recursos Humanos polo que se convoca o proceso selectivo.

ACTAS E GOBERNO

JDR/cvr

Refª: ispac4562477699128901375.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 17-12-2025

Publicación no BOP de Lugo do día 13.04.2024, no DOGA do día 23.05.2024 e no BOE do día 25.12.2024.

Rematado o prazo de solicitudes. Publicada a lista provisional de admitidos no BOP de Lugo do día 23.04.2025.

Non foi iniciado o proceso selectivo, razón pola cal procece declarar a caducidade da OEP e deixar sen efecto o proceso selectivo.

- 5 auxiliar administrativo (3 libre 2 reserva discapacidade)

Decreto ditado polo Tenente de Alcaldesa delegado da Área de Economía e Recursos Humanos polo que se convoca o proceso selectivo.

Publicación no BOP de Lugo do día 13.04.2024, no DOGA do día 23.05.2024 e no BOE do día 18.06.2024.

Rematado o prazo de solicitudes. Publicada a lista provisional de admitidos no BOP de Lugo do día 23.04.2025. Publicada a lista definitiva de admitidos turno discapacidade o día 27.10.2025.

Non foi iniciado o proceso selectivo, razón pola cal procece declarar a caducidade da OEP e deixar sen efecto o proceso selectivo.

- 1 arquitecto/a

Decreto ditado polo Tenente de Alcaldesa delegado da Área de Economía e Recursos Humanos polo que se convoca o proceso selectivo.

Publicación no BOP de Lugo do día 6.05.2024, no DOGA do día 21.06.2024 e no BOE do día 27.12.2024.

Rematado o prazo de solicitudes. Publicada a lista provisional de admitidos no BOP de Lugo do día 15.10.2025.

Non foi iniciado o proceso selectivo, razón pola cal procece declarar a caducidade da OEP e deixar sen efecto o proceso selectivo.

- 1 delineante (arquitectura)

Decreto ditado polo Tenente de Alcaldesa delegado da Área de Economía e Recursos Humanos polo que se convoca o proceso selectivo.

Publicación no BOP de Lugo do día 18.11.2024, no DOGA do día 14.03.2025 e no BOE do día 14.05.2025.

Non foi iniciado o proceso selectivo, razón pola cal procece declarar a caducidade da OEP e deixar sen efecto o proceso selectivo.

- 1 delineante (enxeñería)

Decreto ditado polo Tenente de Alcaldesa delegado da Área de Economía e Recursos Humanos polo que se convoca o proceso selectivo.

Publicación no BOP de Lugo do día 18.11.2024, no DOGA do día 14.03.2025 e no BOE do día 14.05.2025.

Non foi iniciado o proceso selectivo, razón pola cal procece declarar a caducidade da OEP e deixar sen efecto o proceso selectivo.

- 1 enxeñeiro/a de camiños

Decreto ditado polo Tenente de Alcaldesa delegado da Área de Transición Ecolóxica por suplencia do Tenente de Alcaldesa delegado da Área de Economía e Recursos Humanos polo que se convoca o proceso selectivo.

Publicación no BOP de Lugo do día 8.11.2024, no DOGA do día 14.03.2025 e no BOE do día 14.05.2025.

Rematado o prazo de solicitudes.

Non foi iniciado o proceso selectivo, razón pola cal procece declarar a caducidade da OEP e deixar sen efecto o proceso selectivo.

- 2 plazas bombeiro condutor

Decreto ditado pola Excm. Sra. Alcaldesa do Concello polo que se convoca o proceso selectivo.

Publicación no BOP de Lugo do día 9.12.2024.

Non foi iniciado o proceso selectivo, razón pola cal procece declarar a caducidade da OEP e deixar sen efecto o proceso selectivo.

- 1 técnico (A1)

Decreto nº 5070/2023 do 30.05.2023 ditado pola Tenenta de Alcaldesa delegada da Área de Gobernanza pola que se convoca o proceso selectivo.

ACTAS E GOBERNO

JDR/cvr

Refª: ispac4562477699128901375.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 17-12-2025

Publicación no BOP de Lugo do día 13.06.2023 e 31.05.2024, no DOGA do día 11.07.2024 e no BOE do día 28.12.2024.

Rematado o prazo de solicitudes.

Non foi iniciado o proceso selectivo, razón pola cal procece declarar a caducidade da OEP e deixar sen efecto o proceso selectivo.

5. Oferta de emprego público do ano 2022

- 1 técnico medio (P.I)

Decreto ditado polo Tenente de Alcaldesa delegado da Área de Xestión Integral de Recursos Internos polo que se convoca o proceso selectivo.

Publicación no BOP de Lugo do día 26.04.2024, no DOGA do día 21.06.2024 e no BOE do día 27.12.2024.

Rematado o prazo de solicitudes. Publicada a lista provisional de admitidos no BOP de Lugo do día 5.05.2025.

Non foi iniciado o proceso selectivo, razón pola cal procece declarar a caducidade da OEP e deixar sen efecto o proceso selectivo.

- 2 técnico medio

Decreto ditado polo Tenente de Alcaldesa delegado da Área de Xestión Integral de Recursos Internos polo que se convoca o proceso selectivo.

Publicación no BOP de Lugo do día 26.04.2024, no DOGA do día 21.06.2024 e no BOE do día 22.2.2025.

Rematado o prazo de solicitudes. Publicada a lista provisional de admitidos no BOP de Lugo do día 26.07.2025.

Non foi iniciado o proceso selectivo, razón pola cal procece declarar a caducidade da OEP e deixar sen efecto o proceso selectivo.

- 1 analista programador/a

Decreto ditado polo Tenente de Alcaldesa delegado da Área de Xestión Integral de Recursos Internos polo que se convoca o proceso selectivo.

Publicación no BOP de Lugo do día 13.04.2024, no DOGA do día 23.05.2024 e no BOE do día 18.06.2024.

Rematado o prazo de solicitudes. Publicada a lista provisional de admitidos no BOP de Lugo do día 6.06.2025.

Non foi iniciado o proceso selectivo, razón pola cal procece declarar a caducidade da OEP e deixar sen efecto o proceso selectivo.

- 1 educador/a social

Decreto ditado polo Tenente de Alcaldesa delegado da Área de Xestión Integral de Recursos Internos polo que se convoca o proceso selectivo.

Publicación no BOP de Lugo do día 26.04.2024, no DOGA do día 21.06.2024 e no BOE do día 22.02.2025.

Rematado o prazo de solicitudes. Publicada a lista provisional de admitidos no BOP de Lugo do día 31.10.2025.

Non foi iniciado o proceso selectivo, razón pola cal procece declarar a caducidade da OEP e deixar sen efecto o proceso selectivo.

- 1 celador/a CEIP (reserva discapacidade)

Decreto ditado polo Tenente de Alcaldesa delegado da Área de Xestión Integral de Recursos Internos polo que se convoca o proceso selectivo.

Publicación no BOP de Lugo do día 26.04.2024, no DOGA do día 21.06.2024 e no BOE do día 27.12.2024.

Rematado o prazo de solicitudes. Publicada a lista provisional de admitidos no BOP de Lugo do día 18.06.2025.

Non foi iniciado o proceso selectivo, razón pola cal procece declarar a caducidade da OEP e deixar sen efecto o proceso selectivo.

- 2 ordenanza (1 libre 1 reserva discapacidade)

Decreto ditado polo Tenente de Alcaldesa delegado da Área de Xestión Integral de Recursos Internos polo que se convoca o proceso selectivo.

Publicación no BOP de Lugo do día 26.04.2024, no DOGA do día 21.06.2024 e no BOE do día 22.02.2025.

ACTAS E GOBERNO

JDR/cvr

Refª: ispac4562477699128901375.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 17-12-2025

Rematado o prazo de solicitudes. Publicada a lista provisional de admitidos no BOP de Lugo do día 18.06.2025.

Non foi iniciado o proceso selectivo, razón pola cal procece declarar a caducidade da OEP e deixar sen efecto o proceso selectivo.

- 1 operario/a zona rural

Decreto ditado polo Tenente de Alcaldesa delegado da Área de Xestión Integral de Recursos Internos polo que se convoca o proceso selectivo.

Publicación no BOP de Lugo do día 26.04.2024, no DOGA do día 21.06.2024 e no BOE do día 22.02.2025.

Rematado o prazo de solicitudes. Publicada a lista provisional de admitidos no BOP de Lugo do día 21.10.2025.

Non foi iniciado o proceso selectivo, razón pola cal procece declarar a caducidade da OEP e deixar sen efecto o proceso selectivo.

- 1 oficial condutor

Decreto ditado polo Tenente de Alcaldesa delegado da Área de Xestión Integral de Recursos Internos polo que se convoca o proceso selectivo.

Publicación no BOP de Lugo do día 6.05.2024, no DOGA do día 21.06.2024 e no BOE do día 25.02.2025.

Rematado o prazo de solicitudes. Publicada a lista provisional de admitidos no BOP de Lugo do día 26.07.2025.

Non foi iniciado o proceso selectivo, razón pola cal procece declarar a caducidade da OEP e deixar sen efecto o proceso selectivo.

- 1 encargado/a vías e obras (P.I)

Decreto ditado polo Tenente de Alcaldesa delegado da Área de Xestión Integral de Recursos Internos polo que se convoca o proceso selectivo.

Publicación no BOP de Lugo do día 11.06.2024, no DOGA do día 2.08.2024 e no BOE do día 24.02.2025.

Rematado o prazo de solicitudes.

Non foi iniciado o proceso selectivo, razón pola cal procece declarar a caducidade da OEP e deixar sen efecto o proceso selectivo.

- 4 plazas bombeiro condutor

Decreto ditado pola Excm. Sra. Alcaldesa do Concello polo que se convoca o proceso selectivo.

Publicación no BOP de Lugo do día 9.12.2024.

Non foi iniciado o proceso selectivo, razón pola cal procece declarar a caducidade da OEP e deixar sen efecto o proceso selectivo.

- 3 auxiliar administrativo

Decreto ditado polo Tenente de Alcaldesa delegado da Área de Economía e Recursos Humanos polo que se convoca o proceso selectivo.

Publicación no BOP de Lugo do día 13.04.2024, no DOGA do día 23.05.2024 e no BOE do día 18.06.2024.

Rematado o prazo de solicitudes. Publicada a lista provisional de admitidos no BOP de Lugo do día 23.04.2025. Publicada a lista definitiva de admitidos turno discapacidade o día 27.10.2025.

Non foi iniciado o proceso selectivo, razón pola cal procece declarar a caducidade da OEP e deixar sen efecto o proceso selectivo.

- 1 traballador/a social

Decreto número 6637/2023 ditado polo Tenente de Alcaldesa delegado da Área de Economía e Recursos Humanos polo que se convoca o proceso selectivo.

Publicación no BOP de Lugo do día 5.08.2023, no DOGA do día 14.09.2023 e no BOE do día 14.10.2023.

Rematado o prazo de solicitudes. Publicada a lista provisional de admitidos no BOP de Lugo do día 27.05.2025.

Non foi iniciado o proceso selectivo, razón pola cal procece declarar a caducidade da OEP e deixar sen efecto o proceso selectivo.

Como conclusión de todo o exposto, procede a adopción das resolucións oportunas por parte dos órganos municipais competentes en orde, en primeiro lugar, a declarar a caducidade das ofertas de emprego público do Concello de Lugo que

ACTAS E GOBERNO

JDR/cvr

Refª: ispac4562477699128901375.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 17-12-2025

non foron executadas no improrrogable prazo de tres anos dende a súa publicación e, en segundo lugar, adoptar a resolución administrativa que fose procedente por parte do órgano competente en relación cos procesos selectivos derivados destas ofertas que xa foran convocados."

II. O artigo 127.1 h) da Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL) establece que corresponde á Xunta de Goberno Local dos municipios de gran poboación a aprobación da oferta de emprego público."

A Xunta de Goberno Local, con base na referida proposta e por unanimidade de todos os seus membros presentes, **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Declarar a caducidade das ofertas de emprego público do Concello de Lugo dos anos 2017, 2018, 2020, 2021 e 2022 que non foron executadas no prazo de tres anos establecido no artigo 70 do Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto básico do empregado público, en concreto en relación coas seguintes prazas:

1. Oferta de emprego público do Concello de Lugo do ano 2017:

- 1 praza de oficial electricista.

2. Oferta de emprego público do Concello de Lugo do ano 2018:

- 1 praza de técnico superior electricista (promoción interna).
- 1 praza de enxeñeiro/a industrial.
- 1 praza de enxeñeiro/a técnico industrial.
- 1 praza de oficial condutor maquinista.
- 1 praza de operario/a brigada de obras.
- 2 prazas de oficial condutor/a.
- 2 prazas oficial brigada de obras.

3. Oferta de emprego público do Concello de Lugo do ano 2020:

- 1 praza de oficial sepultureiro (promoción interna).
- 1 praza de encargado monitor educación vial (promoción interna).
- 1 praza de oficial albanel (promoción interna).
- 1 praza de oficial fontaneiro (promoción interna).
- 2 prazas de técnico de administración xeral (A1).
- 1 praza de ordenanza (reserva discapacidade intelectual).
- 1 praza de operario cemiterio (reserva discapacidade).
- 2 prazas de traballador/a social.

4. Oferta de emprego público do Concello de Lugo do ano 2021:

- 1 praza de oficial cociñeiro/a (promoción interna).
- 1 praza de oficial sepultureiro (promoción interna).
- 2 prazas de auxiliar administrativo/a (promoción interna).
- 1 praza de oficial lector contador.
- 1 praza de oficial pintor.
- 1 praza de operario/a vías e obras.
- 1 praza de técnico educación infantil.
- 5 prazas de auxiliar administrativo (2 reserva discapacidade).
- 1 praza de arquitecto/a.
- 2 prazas de delineante.
- 1 praza de enxeñeiro/a de camiños.
- 2 prazas de bombeiro condutor.
- 1 praza de técnico de administración xeral (A1).

5. Oferta de emprego público do Concello de Lugo do ano 2022:

- 1 praza de técnico medio (A2) (promoción interna).
- 1 praza de encargado vías e obras (promoción interna).
- 2 prazas de técnico medio (A2).
- 1 praza de analista programador.
- 1 praza de educador/a social.
- 1 praza de celador/a CEIP.
- 2 prazas de ordenanza (1 reserva discapacidade).
- 1 praza de operario/a zona rural.
- 1 praza de oficial condutor.
- 4 prazas de bombeiro condutor.
- 3 prazas de auxiliar administrativo/a.
- 1 praza de traballador/a social.

SEGUNDO.- Notificarlles esta resolución a todos os interesados mediante publicación do acordo no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, Diario Oficial de Galicia e portal de transparencia, así como ás dependencias municipais afectadas.